



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE MAIO DE 2018

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/929/2016.- ITASCA MIL, S.L.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación-consolidación de 3 vivendas unifamiliares na rúa Campo de Conxo nº 11, 12, 13.

LIC/1869/2017.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BISPO DIEGO PELÁEZ, 3.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor, reforma de zonas comúns e rehabilitación da envolvente exterior dun edificio de vivendas situado na rúa Bispo Diego Peláez nº 3.

LIC/1791/2017.- JOSÉ CIPRIANO LÓPEZ MARTÍNEZ.- Conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada na rúa Casas Novas nº 40.

LIC/1539/2017.- LARA FERNÁNDEZ VARELA.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a ampliación e rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na rúa San Lourenzo nº 61.

LIC/347/2017.- VIVENDA LOCAL GALEGA SCLV.- Conceder licenza para reforma de estrutura dos inmobles sitios na Praza Pascual Veiga, 1-8.

LIC/333/2018.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.- Conceder licenza para obras de reforma e ampliación de Centro de Primaria As Fontiñas sito na rúa Roma, 15.

DESFAVORABLE.-

LIC/1023/2017.- MANUEL IGLESIAS LEIS.- Denegar a licenza para ampliación de uso de vivenda en planta baixa cuberta de edificio situado na Avda. Mestra Victoria Míguez nº 52.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para rehabilitación-consolidación de 3 vivendas unifamiliares na rúa Campo de Conxo nº 11, 12, 13. LIC/929/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor, reforma de zonas comúns e rehabilitación da envolvente exterior dun edificio de vivendas situado na rúa Bispo Diego Peláez nº 3. LIC/1869/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar adosada na rúa Casas Novas nº 40. LIC/1791/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a ampliación e rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na rúa San Lourenzo nº 61. LIC/1539/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reforma de estrutura dos inmobles sitos na Praza Pascual Veiga, 1-8. LIC/347/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para obras de reforma e ampliación do Centro de Primaria As Fontiñas sito na rúa Roma, 15. LIC/333/2018. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación de licenza para ampliación de uso de vivenda en planta baixo cuberta de edificio situado na Avda. Mestra Victoria Míguez nº 52. LIC/1023/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento da solicitude de devolución de cotas de urbanización en execución da sentenza ditada no P.O. 398/2016 (EJD 81/2017) no PERI de CORNES. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial da modificación do estudio de detalle da Parcela N4a01 do SUNP-40. SIONLLA. Apróbase a proposta.

11 a 120.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal. Apróbase a proposta.

121.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

122.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de alegacións e declarar a perda da exención e a concesión da bonificación no IBI. Apróbase a proposta.

123.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 15 de xuño de 2018 ata o 14 de xuño de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 888,79 euros.

124.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 15 de xuño de 2018 ata o 14 de xuño de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual de alugueiro, que queda fixado en 997,65 euros.

125.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro de local para uso como Centro Sociocultural na zona da Améndoa Histórica. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro do local de 90 m2 sito na rúa de Santa Cristina, nº22, para uso sociocultural da cidade histórica polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xullo de 2018 ata o 30 de xuño de 2019. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 953,82 euros.

126.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación das normas de seguridade que rexerán a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2018 en espazos públicos e privados. Apróbase a proposta.

127.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa ao nomeamento do delegado de protección de datos do concello de Santiago de Compostela. Acórdase designar a Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de Informática, como delegado de protección de datos do Concello de Santiago.

128.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das listaxes definitivas de admitidos, excluídos e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2018-2019. Apróbase a proposta.

129.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do expediente do servizo de xestión e desenvolvemento das escolas infantís de verán 2018. Programa municipal de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago de Compostela, aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 73.340 euros, IVE incluído.

130.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación dos prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2018-2019. Apróbanse os prazos de solicitude de reserva de praza e matrícula entre o 1 e o 20 de xuño de 2018, ambos incluídos, nos servizos de Comedor e Madrugadores para o curso 2018-2019 nos Centros de Educación Infantil e Primaria públicos de Compostela.

131.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais da renuncia da autorización de uso en precario da vivenda de titularidade municipal sita na rúa Roma nº 5-baixo-C do polígono de Fontiñas. Apróbase a proposta.

132.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial 2018. Apróbanse as bases reguladoras das subvencións, ás que se destinarán un total de 50.000 euros.

133.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa á aprobación do campamento de verán de vela e actividades náuticas e o seu prezo público para xullo de 2018. Apróbase o Campamento de verán de vela e actividades náuticos, para o que se prevé un gasto de 17.300 euros. Prevese un ingreso de 5.280 euros.

134.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á aprobación do programa de excursións na rede de centros durante 2018. Apróbase o programa para o ano 2018, cuxo gasto ascende a 17.054,38 euros. Prevese un ingreso de 10.912,50 euros.

135.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal relativa á aprobación da proposta do texto de convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Refuxio de Animais para o ano 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 200.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á adxudicación do contrato do Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos Compostela Decide para o ano 2019. Adxudícase o contrato a favor de Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais Sociedade Cooperativa, por un importe de 79.860 euros, IVE incluído.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación das Obras para a execución dun aparcamento provisional disuasorio na parcela EQ1 do parque da Sionlla. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 372.786,12 euros, IVE incluído.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación dos prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso 2018-2019. Apróbase a proposta.